

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

**Ref.: AFM**

Raquel B. Bahillo Varela, secretaria xeral do Concello de Boiro (A Coruña), do que é alcalde Juan José Dieste Ortigueira.

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de xullo de 2013, adoptou entre outros o seguinte acordo:

### 2. ASUNTOS VARIOS

#### 2.5 ACORDO ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN SERVICIO DE ASESORÍA XURÍDICA CIM

**Primeiro:** En data 23 de abril, por dona Mialagros Tubío Chouza, propónse a contratación do servizo de asesoría xurídica e psicolóxica para o CIM de Boiro

**Segundo:** En data 24 de abril a Xunta de Goberno local acorda incoar o correspondente expediente administrativo de contratación do servizo asesoramento xurídico do CIM do Concello de Boiro, por procedemento negociado sen publicidade dado que o importe estimado do contrato non supera os 60.000,00 € e ordenar a emisión da oportuna de crédito por importe de catro mil euros con vinte e catro céntimos (4.000,00 €) e a elaboración dun prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación do servizo e de prescricións técnicas.

**Terceiro.-**Consta no expediente, documento contable RC no que se acredita a existencia de crédito para o presente exercicio de data 24.04.2013

**Quinto.-** O 26 de abril incorpórase o expediente o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas.

**Sexto.-** O 25 de abril incorpórase o expediente o prego de prescricións técnicas.

**Sétimo.-** En data 29 de abril emítese informe pola secretaria da corporación no que se conclúe "En base ó anterior, e ca advertencia relativa a natureza laboral desta relación, informase favorablemente o expediente de contratación do contrato do servizo asistencia xurídica do CIM de Boiro"

**Oitavo.-** En data 15 de maio, emítese informe pola interventora municipal.

**Noveno.-** Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2013, aprobase o expediente de contratación aprobase o expediente de contratación, do servizo asistencia xurídica do CIM de Boiro, para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, os PCA e os PPT, invitándose a tres empresas.

**Décimo :** En data 5 de xuño, procedese ante a secretaria, por parte da concelleira de servizos sociais á apertura do sobre A e a apertura do sobre B, denominado "Proposición económica e Memoria descriptiva", presentados polos licitadores invitados a participar por acordo da Xunta e Goberno Local

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

Onceavo.- En data 11 de xuño de 2013, a Xunta de Goberno local acorda:

*“Declarar admitidos e excluídos aos seguintes licitadores, polos motivos que se indican:*

### LICITADORES ADMITIDOS.

- ADVOCATUM S.C

### LICITADORES EXCLUÍDOS:

- SAILA GONZÁLEZ SIMÓN por renuncia , e a non presentación de proposición.
- ALMUDENA RODRÍGUEZ CASAL o non presentación de proposición.

*Segundo: Clasificar por orden decrecente das proposicións presentadas, e outórgase a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e admitidos no procedemento negociado convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2013, para a adxudicación do contrato de servizo de asesoramento xurídico do CIM de Boiro.*

1º ADVOCATUM S.C		
I) MELLORAS OFERTADAS (máx. 4 puntos)		
MELLORAS OFERTADAS	Criterio de valoración	Puntos
	UN PUNTO POR CADA MEDIA HORA SEMANAL	2
Subtotal aptdo. I)		2
•		
II) OFERTA ECONÓMICA (máx. 70 puntos .).		
Importe	% baixa	Puntos
€	0.00%	0.00
Subtotal aptdo. II)		0.00
TOTAL 2.00 PUNTOS		PUNTUACIÓN

*Terceiro. Notificar e requirir a empresa ADVOCATUM S.C , candidato que presenta a oferta mais vantaxosa, para que en un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, acreditarase polo licitador neste mesmo prazo a inexistencia de débedas pendentes coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e coa Cominidade Autónoma e Concello de Boiro de dispor efectivamente dos medios que compromete adscribir a execución do presente contrato de ter constituída a garantía definitiva do 5% do importe do contrato, que ascende a cantidade de 165,29 euros, excluído o imposto sobre o valor engadido.”*

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax. 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

**Treceavo.-** Visto que en data 3 de xullo, pola empresa ADVOCATUM S.C, presentase xustificante da garantía constituída por importe de 165,29 €, así coma a restante documentación xustificativa requirida.

### Fundamentos xurídicos.

**Primeiro.** Consonte o sinalado no artigo 151. TRLCSP O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante, asemade deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

**Segundo.** Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª da LCSP, posto que o importe acumulado de tódalas anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos e a vista das competencias delegadas por resolución de data 17 de xuño de 2011,

De conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos membros presentes,

### ACORDA:

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato de do servizo asesoramento xurídico do CIM do Concello de Boiro a empresa ADVOCATUM S.C por importe de catro mil euros con cero un céntimos (4.000,01 €), IVE incluído

**Segundo.-** Que se dispoña o gasto con cargo á partida 231.22706 do orzamento vixente de gastos.

**Terceiro.-** Que se lles notifique a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**Cuarto.-** Que se lle notifique a dona María del Rocio Arnosou Moure, en representación da empresa ADVOCATUM S.C, adxudicataria do contrato, esta resolución e que o citen para a sinatura do contrato, que terá lugar na secretaria do Concello de Boiro mércores 24 de xullo as 12.00 horas.

**Quinto.-** Que se publique a formalización do contrato no perfil do contratante do Concello de Boiro.

**Sexto.-** Que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.  
Boiro, 18 de xuño de 2012.

E para que así conste e surta aos efectos oportunos no expediente da súa razón, asino a presente certificación, sen prexuízo da aprobación definitiva da acta que a contén de acordo co disposto no artigo 206 do Real decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Boiro a 12 de xullo de 2013.

O alcalde  
Juan José Deste Ortigueira

A secretaria  
Raquel B. Bahillo Varela

